**ANEXO XIII**
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026376 | Punta Candieira | Cedeira | 2024/2025 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| IMA | Instalación e mantemento | CD3IMA000300 | Mecatrónica industrial | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP1709 | Itinerario persoal para a empregabilidade I | 2024/2025 | 4 | 107 | 128 |
| MP1709_12 | Prevención de riscos laborais | 2024/2025 | 4 | 50 | 60 |
| MP1709_22 | Empregabilidade e relacións laborais | 2024/2025 | 4 | 57 | 68 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | MARÍA DEL CARMEN CASAS BLANCO |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional ten por obxecto a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional. A finalidade da norma é regular un réxime de formación e acompañamento profesionais que, servindo ao fortalecemento, a competitividade e a sustentabilidade da economía española, sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, as expectativas e as aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.

O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional ten por obxecto o desenvolvemento dun sistema único e integrado de Formación Profesional regulado pola Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

A Resolución do 10 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de FP, pola que se ditan instrucións sobre ordenación e organización dos graos D e E de FP para o curso 2024/25 establece:

Décimo. Módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I.
O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao medio e de grao superior, terá como finalidades:
a) Coñecer as variables individuais que se poden desenvolver ao longo da vida e que contribuirán á mellora da empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun contorno socioprodutivo que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente.
b) Coñecer os itinerarios formativos e profesionais que axuden ao alumnado a adaptar o proceso de aprendizaxe ás súas vocacións, ás súas necesidades e aos seus intereses propios de cara á súa futura inserción laboral ou para continuar coa súa formación.
c) Adquirir as competencias necesarias para a desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Décimo primeiro. Formación en materia de prevención en riscos laborais
1. O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade, dos ciclos de grao básico, inclúe unha unidade formativa denominada Prevención de riscos laborais, que abranguerá a formación necesaria para acadar as competencias para o desempeño das funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente. Esta unidade formativa terá unha duración de 30 horas.
2. O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao medio e de grao superior, inclúe unha unidade formativa denominada Prevención de riscos laborais, que abranguerá a formación necesaria para a obtención das competencias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais. Esta unidade formativa terá unha duración de 50 horas.
3. Coa finalidade de que o alumnado dispoña da formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais que permita a súa incorporación á formación na empresa, a formación asociada á unidade formativa de Prevención de riscos laborais será impartida ao inicio do curso escolar ao tratarse dun requisito indispensable para a súa incorporación á formación na empresa ou no organismo equiparado.
4. Do mesmo xeito, os outros módulos profesionais do primeiro curso que teñan incorporados resultados de aprendizaxe relacionados coa prevención de riscos laborais darán prioridade para a súa impartición ao inicio do curso escolar.
5. Para estes efectos, o equipo docente que imparta en primeiro curso do ciclo programará as actividades de ensino e de aprendizaxe que garantan a adquisición destas competencias.

6. Tendo en conta a formación recibida dentro da unidade formativa Prevención de riscos laborais como no conxunto dos outros módulos profesionais, o equipo docente do ciclo, en calquera momento ou, en todo caso, antes da incorporación do alumnado á empresa, determinará se este ten acreditada a formación de nivel básico en Prevención de riscos laborais, segundo o recollido no seguinte punto.
7. Ao alumnado de ciclos de grao básico expediráselle un certificado de formación de nivel básico en Prevención de riscos laborais de trinta horas de duración (30 horas), mentres que para o alumnado de ciclos de grao medio e de grao superior a certificación será de 50 horas ou de 60 horas nos ciclos formativos cuxos perfís profesionais así o requiran.
8. Segundo o artigo 7 da Orde do 15 de xaneiro de 2020 pola que se establece o procedemento para a expedición da certificación da formación de nivel básico en Prevención de riscos laborais para o alumnado dos ciclos formativos de formación profesional inicial da Comunidade Autónoma de Galicia, a certificación da formación para desenvolver as funcións de nivel básico en Prevención de riscos laborais será expedida polos titulares da dirección dos centros docentes onde o alumnado estivese matriculado. Nos centros de titularidade privada, serán emitidos polos/as directores/as dos centros públicos de adscrición.

Anexo. Currículo do módulo profesional: Itinerario Persoal para a Empregabilidade I, do primeiro curso dos ciclos de grao medio e superior.

Tamén teremos en conta o Decreto 109/2013, do 4 de Xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en Mecatrónica industrial.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | A prevención de riscos: Conceptos Básicos | A prevención de riscos: Conceptos Básicos | 10 | 6 |
| 2 | Factores de risco e a súa prevención | Factores de risco e a súa prevención | 25 | 15 |
| 3 | A prevención de riscos: Lexislación e Organización | A prevención de riscos: Lexislación e Organización | 10 | 6 |
| 4 | Emerxencias e Primeiros Auxilios | Emerxencias e Primeiros Auxilios | 15 | 8 |
| 5 | O Dereito do Traballo | O Dereito do Traballo | 5 | 5 |
| 6 | O Contrato de Traballo | O Contrato de Traballo | 9 | 8 |
| 7 | A Xornada de Traballo | A Xornada de Traballo | 5 | 5 |
| 8 | O Salario e a Nómina | O Salario e a Nómina | 12 | 11 |
| 9 | Modificación, Suspensión e Extinción do Contrato de Traballo | Modificación, Suspensión e Extinción do Contrato de Traballo | 12 | 11 |
| 10 | Participación dos Traballadores | Participación dos Traballadores | 5 | 5 |
| 11 | Seguridade Social e Desemprego | Seguridade Social e Desemprego | 10 | 10 |

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 12 | Orientación Laboral | Orientación Laboral | 10 | 10 |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A prevención de riscos: Conceptos Básicos | 10 |

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título |
| CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais |
| CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias |

### 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).<br><br>Principais técnicas de prevención.<br><br>Relación entre traballo e saúde.<br><br>Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade. |

| Contidos |
| --- |
| Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. |

### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | Factores de risco e a súa prevención | 25 |

### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
| --- | --- |
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
| --- |
| CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do  organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título |
| CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais |
| CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias |

### 4.2.e) Contidos

| Contidos |
| --- |
| 0Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.<br><br>Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.<br><br>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. |

### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | A prevención de riscos: Lexislación e Organización | 10 |

### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais |
| CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos |
| CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención |

### 4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos). |
| Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias. |
| Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral. |
| Actuación en caso de risco grave e inminente. |
| Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos. |
| 0Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais. |
| Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais. |

| Contidos |
|---|
| Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral. |
| Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades. |
| Marco normativo. |

## 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Emerxencias e Primeiros Auxilios | 15 |

## 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

## 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia |
| CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste |
| CA1.9 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios |

## 4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Composición da caixa de primeiros auxilios. |
| Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. |
| Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios. |

| Contidos |
|---|
| Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa. |
| Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo. |
| Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención. |
| Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios. |

## 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | O Dereito do Traballo | 5 |

## 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

## 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título |
| CA4.5 Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral |

## 4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise da relación laboral individual. |
| 0Dereito do traballo. |
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |

| Contidos |
|---|
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |

## 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | O Contrato de Traballo | 9 |

## 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

## 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e  localizáronse os modelos nas fontes oficiais |
| CA4.3 Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo |

## 4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais. |
| Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |
| Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. |
| Retos laborais derivados da contorna dixital. |

## 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | A Xornada de Traballo | 5 |

## 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

## 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título |

## 4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |
| Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc. |

## 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | O Salario e a Nómina | 12 |

## 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.4 Identificáronse os compoñentes do recibo de salario |
| CA4.5 Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral |

### 4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise do recibo de salario e das súas partes.<br>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |

### 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Modificación, Suspensión e Extinción do Contrato de Traballo | 12 |

### 4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

### 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.5 Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral |
| CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral |

### 4.9.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |

### 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Participación dos Traballadores | 5 |

### 4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

### 4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título |

### 4.10.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais. |
| Conflitos colectivos na empresa. |
| Representación das persoas traballadoras na empresa. |
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |

## 4.11.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | Seguridade Social e Desemprego | 10 |

## 4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

## 4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía |

## 4.11.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Estrutura do sistema de Seguridade Social. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |
| Seguridade Social e estado do benestar. |
| Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. |
| Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación). |
| Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación. |

## 4.12.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Orientación Laboral | 10 |

## 4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título | SI |
| RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais | SI |
| RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual | SI |

## 4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional |
| CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado |
| CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo |
| CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento |
| CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título |
| CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego |
| CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional |
| CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego |
| CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional |
| CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais |
| CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador |
| CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral |
| CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego |
| CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias |
| CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral |
| CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade |
| CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade |
| CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade |
| CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade |
| CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade |
| CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional |
| CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual |

## 4.12.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.<br><br>Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.<br><br>Traballo na Administración pública.<br><br>Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública<br><br>Traballo por conta allea e traballo por conta propia.<br><br>Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes. |

| Contidos |
|---|
| Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura. |
| Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas. |
| Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores. |
| 0Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire. |
| Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación. |
| Información sobre a estrutura do sistema educativo. |
| Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais. |
| Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo. |
| A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio. |
| Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. |
| Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade. |
| Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos. |
| Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. |
| Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal. |
| 0Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking. |
| Oportunidades de formación e emprego en Europa. |
| Estratexias para superar as eivas de comunicación. |
| Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais. |
| Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción. |
| Habilidades sociais e habilidades de comunicación. |
| Habilidades de organización e xestión. |
| Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación. |

| Contidos |
|---|
| Relevancia para a empregabilidade.. |
| 0Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada. |
| Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación. |
| Concepto e características. |
| Protección de datos persoais e identidade dixital. |
| Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión. |
| Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional. |
| Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional. |
| Pegada e reputación dixital. |
| Concepto. |
| Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade. |
| Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade. |
| Necesidade dunha avaliación periódica do progreso. |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo profesional.

Instrumentos e criterios de cualificación aplicados: Combinarase a avaliación mediante probas obxectivas coa realización de actividades e traballos que deberán entregarse no prazo marcado pola profesora.

Os seguintes instrumentos de avaliación serán comúns para todas as unidades formativas:

- Diario de clase: Observación do traballo na aula, e cumprimento do prazo de entrega das producións.
- Proba obxectiva (unha ou varias por trimestre segundo o criterio da profesora).

O peso de ditos instrumentos na avaliación parcial trimestral será a seguinte:

- 10% Observación do traballo na aula, e cumprimento do prazo de entrega das producións. No caso de entrega fora de prazo permitiránse entregar as actividades, casos prácticos e traballos ata a data límite establecida pola profesora, pero coa perda do 10% correspondente.
- 90% Probas obxectivas, realización de actividades e traballos.

Requirirase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba obxectiva, actividades e traballos para alcanzar a avaliación positiva.

A cualificación do módulo será numérica entre 1 e 10, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos. Para acadar unha avaliación positiva o/a alumno/a deberá conseguir ou superar os 5 puntos.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións dos tres trimestres no caso de seren cada unha delas de 5 puntos ou máis sobre dez. No caso de ser algunha das tres ou varias inferiores a 5 puntos, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, no mes de Xuño, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar ás probas específicas de avaliación trimestrais.

O alumnado que durante a realización dalgunha proba obxectiva, actividades, casos prácticos e traballos, realizara calquera acto de copia, suplantación ou cambio, obterá unha puntuación de 1 punto. A sanción afectará a todos os estudantes involucrados: quen copie e quen sexa copiado, por ser responsabilidade dos/as alumnos/as evitar que a súa proba ou traballo e todo o material avaliable sexa obxecto de copia. A reprodución total ou parcial de calquera material extraido de internet ou doutras fontes non autorizadas pola profesora, e que sexa utilizado para a avaliación do estudante, se considerará copia.

O módulo desenvolverase presencialmente.

Traballaremos na aula co libro de texto e co material proporcionado pola profesora. Complementarase o proceso de ensino-aprendizaxe coa aula virtual do IES Punta Candieira.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación Ordinaria:
No caso de ser algunha das tres ou varias cualificacións trimestrais inferiores a 5 puntos sobre 10, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar ás probas específicas de avaliación trimestrais.
Esta proba específica de avaliación global será para determinar se o/a alumno/a acadou os mínimos esixibles determinados para cada Resultado de Aprendizaxe.
A avaliación do módulo considerarase superada cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.

En canto aos Resultados de Aprendizaxe, Criterios de Avaliación e Contidos Mínimos, serán os que xa figuran detallados na programación do módulo.

Avaliación do alumnado co módulo pendente:
Os/As alumnos/as matriculados/as en 2º curso e que promocionaron co módulo pendente de 1º deberán levar a cabo as actividades de recuperación previamente establecidas e serán avaliados/as coincidindo coa 2ª sesión de avaliación parcial de módulos do 2º curso a celebrar no mes de Marzo/Abril.
As actividades de recuperación para este alumnado se deseñarán a partir do informe de avaliación individualizado ao que fai referencia a lexislación vixente. Tendo todo isto en conta, os/as membros/as do Departamento acordarán, con carácter xeral, que esas actividades consistan na realización de traballos, resolución de casos prácticos e actividades, e unha proba obxectiva no mes de Marzo/Abril.
A realización dos traballos e das actividades teórico-prácticas serán realizadas polo alumnado pola súa conta, contando sempre coa orientación da profesora. A proba obxectiva escrita terá un peso do 100%.
No caso de non acadar unha avaliación positiva, dito alumnado poderá recuperar o módulo pendente durante o período ordinario de realización da FCT e será avaliado na avaliación final de módulos de 2º curso no mes de Xuño. A metodoloxía a levar a cabo nese período será similar á levada a cabo nos trimestres anteriores: realización de traballos e actividades teórico-prácticas que serán levadas a cabo polo alumnado pola súa conta, contando sempre coa orientación da profesora, e unha proba obxectiva no mes de Xuño que terá un peso do 100%.
O módulo desenvolverase presencialmente.
Traballarase co libro de texto e co material proporcionado pola profesora. O proceso de ensino-aprendizaxe levarase a cabo coa aula virtual do IES Punta Candieira.
A avaliación do módulo considerarase superada cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.
En canto aos Resultados de Aprendizaxe, Criterios de Avaliación e Contidos Mínimos, serán os que xa figuran detallados na programación do módulo de IPE I  e para o curso completo.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua e co que, por razones de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar á Proba específica de avaliación global e que, igual que esta, servirá para determinar se o/a alumno/a acadou os mínimos exixibles para cada Resultado de Aprendizaxe.

Esta proba de avaliación extraordinaria requerirá a entrega previa dos informes que a profesora teña previstos como obrigatorios con polo menos 10 días de antelación á data de realización da proba extraordinaria de  avaliación.

Dito alumnado será avaliado de todos os contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerarase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación do módulo e da propia práctica docente realizarase periódicamente (por unidade didáctica, semanal, quincenal ou mensualmente) pola propia profesora por comparación entre o planificado e o executado realmente, rexistrando as modificacións necesarias.
Mensualmente, as conclusións do seguimento da programación por parte da profesora comentaranse no departamento, e servirán de base para a memoria de final de curso que se terá que presentar sobre o desenvolvemento da programación do módulo e coas estatísticas sobre cualificacións do alumnado.

Na nosa práctica cotián introducimos elementos capaces de enriquecer, sistematizar e avaliar o desenvolvemento e adecuación da programación coas seguintes ferramentas:
- Cuestionarios aos/ás alumnos/as con criterios claros e precisos sobre o que consideramos relevante (claridade das nosas exposicións, nivel de motivación acadado coas actividades propostas, suficiencia ou insuficiencia do tempo adicado, variedade e adecuación dos materiais empregados, propostas de mellora).
- Análise dos resultados do alumnado a hora de avaliar a ensinanza.

Realizaranse avaliacións deste tipo de xeito continuo e os seus resultados non se terán en conta para cualificar cuantitativamente ó/á alumno/a.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial, para coñecer a situación de partida do alumnado e desta forma poder adaptar os contidos para que logren acadar os resultados de aprendizaxe, farase no primeiro mes de clase, mediante a observación da resposta do alumnado aos conceptos básicos.
Tamén contrastarase, en relación con este módulo, a base matemática previa, a competencia básica nas TIC e farase unha sondaxe sobre conceptos básicos relacionados coa prevención de riscos laborais, o autocoñecemento, o traballo en equipo, o mercado laboral e a búsqueda de emprego.
Servirán como instrumentos para esta avaliación inicial a observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
As conclusións sobre as características, formación previa e capacidades do alumnado serán obxecto de análise na avaliación inicial.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Está prevista legalmente a posibilidade de flexibilización modular, a solicitar antes do 31 de outubro de cada ano académico, para os/as alumnos/as con necesidades educativas especiais.
A profesora, independentemente da flexibilización modular, poderá planificar actividades de apoio para aquel alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
Ao alumnado que non acade os obxectivos proporáselle tarefas de apoio para realizar na casa, as cales deberán entregárselle á profesora para a súa corrección e avaliación.
En todo caso, o modelo de reforzo estará condicionado polo tipo de necesidade educativa de cada alumno/a, a metodoloxía, a organización da aula, o grao de coordinación entre o profesorado, os profesores e profesoras especialistas de que se dispoña, etc.

Ademais, na reunión do equipo docente do Ciclo Formativo exporase a situación deste alumnado, a fin de que en consenso se tomen as medidas necesarias.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais a tratar no módulo profesional ó longo do curso están relacionados co desenvolvemento das capacidades de relación social e comunicativas do alumnado, entendidas como un complemento necesario e importante a incluir en calquera titulación.

Os temas transversais concretos a tratar son os seguintes:

- Desenvolver habilidades de relación social e interpersoal.
- Potenciar as actividades comunicativas, de negociación e de traballo en equipo.
- Fomentar a motivación.
- Educación ambiental, relacionado co bloque de saúde laboral. É preciso sensibilizar ao alumnado sobre a necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, con vistas á protección do medio ambiente. Así mesmo, fomentar nos futuros/as traballadores/as o espíritu de traballo respectando os niveis de calidade e seguridades exixidos.
- Educación para a igualdade de oportunidades.
- Educación para a Paz, non violencia e cooperación. No tema de equipos de traballo expóñense diversas estratexias, entre outras, a participación na toma de decisións, o que conleva unha actitude de respeto hacia outras opinións e a aceptación da opinión maioritaria. Igualmente, no equipo e no posto de traballo haberá que traballar de xeito responsable e maduro, aceptando os obxectivos que se han de conseguir, aceptando as consecuencias das propias decisións e asumindo responsabilidades.
- Educación para a saúde. Presente en todo o bloque de saúde laboral, constitúe un dereito e un deber dos traballadores/as á integridade física e unha axeitada política de seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos.
- Educación vial. Sinalización de seguridade e posibles accidentes in itinere.
- Educación para o emprego das TIC.Todas as unidades didácticas incorporan unha actividade de estratexias de información e comunicación para fomentar o emprego das TIC. Ademais disto, a profesora, a iniciativa propia ou a solicitude do alumnado, poderá fomentar na aula o emprego de programas básicos (tratamento de textos, folla de cálculo, presentacións...) relacionándoo coas distintas unidades didácticas.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares serán as previstas polo Departamento, en correlación con outros Departamentos ou que poidan xurdir durante o curso, especialmente relacionadas coa prevención de riscos, os primeiros auxilios, autocoñecemento, procura de emprego...etc.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Bibliografía

Libro de texto recomendado ao alumnado:

- FOL para IPE I. Novedad LOMLOE 2024.

Autores: Bruno J. García González, David Tena Cornelles, Mª Carmen De Fez Solaz, Mª Desamparados García Ortuño e Mª Victoria Hernández Ricarte.

Editorial TuLibrodeFP. ISBN: 978-84-19957-14-6